


FERROL, O MEU LAR




LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



Eu son Ricardo Leopoldo Ángel José Gerardo Carvalho Calero. Nacín en Ferrol, o 30 de outubro de 1910. Son o fillo máis vello de Gabriel e Dolores. Con ela aprendín a ler nas páxinas do xornal *El Correo Gallego*.

Desde a xanela da miña casa podía ver o mar, os mariñeiros e unha chea de ingleses que viñeran traballar na construción de buques. Cursei os primeiros estudos no colexio de Comellas.

SANTIAGO, CIDADE DECISIVA



LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



Tras cursar o bacharelato, trasladeime a Compostela en 1926 para estudar Dereito. Nesta época, ingresei no Seminario de Estudos Galegos e colaborei coa revista *Nós*. Tamén participei na creación do Partido Galeguista e na redacción dun dos anteproxectos de Estatuto de Autonomía.

Despois de facer o servizo militar, volví a Ferrol. Alí estudei Filosofía e Letras por libre e, en 1933, casei con María Ignacia Ramos.

FROITO DO ESFORZO



LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



Desde moi novo estiven en contacto con persoas importantes como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Castelao, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego.

Fun escritor, profesor, filólogo, editor, investigador, crítico literario e lingüista. O meu carácter disciplinado, rigoroso e traballador permitíume gañar varias oposicións ao longo da vida.

PRIVADO DA LIBERDADE



LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



Cando estaba en Madrid opositando á cátedra de instituto, sorprendeume a Guerra Civil. Condenáronme a prisión por defender a República. Despois de dous anos de cárcere en Xaén, quedei en liberdade pero inhabilitado para exercer cargos públicos.

De volta en Ferrol, dei clase no ensino privado. Neste momento coñecín a miña filla, Margarita, nacida en 1936. A segunda, María Victoria, tivémola en 1942.

FINGOI, O MEU COLEXIO




LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



En Lugo traballei no Colexio Fingoi. Fun pioneiro no uso de métodos didácticos innovadores ligados aos principios da Escola Nova e da Institución Libre de Ensinanza.

Aproveitei o contorno natural onde estaba situado o centro e procurei educar sempre para a aplicación práctica das ensinanzas na vida diaria. Alí non había libros de texto nin castigos, pero si tiñan cabida a igualdade e o respecto.

MEMBRO DA RAG




LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



En 1958 ingresei na Real Academia Galega co discurso *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*. Elixín este tema porque a nosa escritora é a figura de referencia das nosas letras. Respondeume Otero Pedrayo.

En 1965 comecei a dar clase na Universidade de Santiago de Compostela, onde fun o primeiro profesor de Lingua e Literatura Galegas, e mais no instituto Rosalía de Castro.

CONSTRUTOR DA LINGUA




LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



En 1970 e 1971, participei con Ramón Piñeiro na redacción das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. A finais desta década comecei a defender unha ortografía próxima á portuguesa.

Colaborei de forma desinteresada nas actividades de renovación pedagóxica organizadas pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega e nas Xornadas do Ensino de Galiza e Portugal.

COMPROMETIDO CO GALEGO



LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



Dábaseme ben a escola, tanto de estudante como de profesor. Fun o primeiro docente de galego e o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Acadei a cátedra con premio extraordinario en 1972.

Fun o filólogo do grupo Galaxia e publiquei para o meu alumnado manuais da importancia da *Historia da literatura galega contemporánea* e a *Gramática elemental del gallego común*. Tamén colaborei a miúdo na revista *Grial*.

OBRA INMENSA



LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



A miña obra é moi extensa. Entre ela, son de salientar *Vieiros*, o meu primeiro libro de poemas; *A xente da Barreira*, a primeira novela en galego da posguerra, coa que gañei o premio de Bibliófilos Gallegos; ou *Scórpio*, novela de carácter autobiográfico que recibiu o Premio da Crítica de narrativa galega.

Tamén escribín ensaios e obras de teatro, como *Catro pezas*, e editei os nosos clásicos.

CONTINUANDO O CAMIÑO



LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARVALHO CALERO



Xubileime en 1980. Un ano despois, convencido da miña orientación reintegracionista, comecei a asinar como Ricardo Carvalho Calero. Nesa década, recibín a Medalla Castelao e nomeáronme membro de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega e fillo predilecto de Ferrol.

Vivín ata o 25 de marzo de 1990. A miña biblioteca está desde 1997 no Parlamento de Galicia, na sala que leva o meu nome.